

**ADDENDA Á PROGRAMACIÓN DIDÁCTICA
DO CURSO 2021-2022**

DEPARTAMENTO DE FÍSICA E QUÍMICA

INDICE

1. INTRODUCCIÓN
2. AVALIACIÓN E CUALIFICACIÓN DO ALUMNADO DA ESO NA TERCEIRA AVALIACIÓN .MATERIAS DE FÍSICA E QUÍMICA E CAAP
3. AVALIACIÓN FINAL NA ESO:FÍSICA E QUÍMICA E CAAP
4. AVALIACIÓN TERCEIRA E FINAL PMAR I
5. AVALIACIÓN ALUMNADO PENDENTE DA ESO
6. AVALIACIÓN ORDINARIA E EXTRAORDINARIA DE BACHARELATO

1. INTRODUCCIÓN

A presente addenda á programación ten como finalidade concretar e /ou modificar determinados aspectos referidos á avaliación derivados da Orde do 25 de xaneiro de 2022 pola que se actualiza a normativa de avaliación nas ensinanzas de educación primaria, de educación secundaria obrigatoria e de bacharelato no sistema educativo de Galicia.

Nos seguintes apartados recóllense as modificacións referidas aos procedementos de avaliación e cualificación do alumnado así como as actividades que se farán desde a data da terceira avaliación ata a avaliación final e os procedementos para avalialas.

2. AVALIACIÓN E CUALIFICACIÓN DO ALUMNADO DA ESO NA TERCEIRA AVALIACIÓN .MATERIAS DE FÍSICA E QUÍMICA E CAAP.

Faranse as seguintes modificacións nos procedementos de avaliación e sistemas de cualificación:

O que se indica para avaliación ordinaria de xuño pasa a ser o correspondente a terceira avaliación, e dicir a nota da terceira avaliación obterase a partir da media das tres avaliacións. Teranse en conta as notas de recuperación ,se estas melloran a nota da avaliación correspondente. Os criterios de avaliación , sistemas de cualificación e mínimos esixibles seguen sendo os indicados na programación inicial, para cada unha das avaliacións agás no que respecta aos dous puntos seguintes:.

Para recuperar a materia do segundo e terceiro trimestre faranse dous exames de recuperación ,que se valorarán como mínimo cun 70% da nota . O 30% restante corresponderá ao traballo feito durante o terceiro trimestre, rexistrado no caderno de clases coas actividades deste trimestre.

Modifícase o que se di na programación inicial no apartado 5.3 (páxina 38) ,onde di que a nota máxima da recuperación será un sete agora queda “esa nota poderá ser a nota máxima , un dez”. Esta modificación afecta as dúas materias Física e Química e CAAP e para todos os cursos, aplicándoa tamén a recuperación da primeira avaliación.

3. AVALIACIÓN FINAL NA ESO: FÍSICA E QUÍMICA E CAAP

Despois de que os alumnos fagan os exames correspondentes a terceira avaliación, sexan avaliados, e ata a avaliación final os instrumentos e procedementos utilizados para a avaliación final serán os seguintes

- Os alumnos/as aprobados farán tarefas de reforzo e ampliación dos contidos e procedementos impartidos durante o curso ,que serán recollidas pola profesora ao rematar a hora lectiva e cualificadas.
- Os alumnos/as que non conseguisen aprobar farán actividades de reforzo da materia correspondente as avaliacións nas que non alcanzasen un cinco durante o curso. Será recollida pola profesora ao rematar a hora lectiva , cualificada e devolta para que os alumnos preparen o exame final.
- A profesora de forma colectiva ou individual explicará o tipo de actividade. Durante a metade da temporalización da clase .
- Entregaráselle ao alumnado con materia suspensa as tarefas correspondentes aos contidos mínimos de cada avaliación. Os alumnos faranas durante a hora de clase e a profesora recolleraas para a súa corrección e cualificación. Poderá dárselle ao alumnado, a maiores, outros exercicios similares para que practiquen na casa ,e neste caso proporcionaráselle a resposta a través da aula virtual

AVALIACIÓN E CUALIFICACIÓN:

- Os alumnos/as que na terceira avaliación teñan aprobada a materia poderán subir ata medio punto a nota da terceira avaliación ,nota global do curso, coa realización correcta das actividades de reforzo e ampliación.
- Ademais poderán facer un exame correspondente a/as avaliacións con peor nota e neste caso, se o resultado mellora a nota, modificarase a nota correspondente desa avaliación para o cómputo da global. Este exame será o mesmo que o dos alumnos suspensos .

- Ao alumnado cunha nota inferior a cinco na terceira avaliación cualificaránselle as tarefas feitas e entregadas na aula . Valoraranse cun 30% da nota final. Para o 70% restante farase un exame dos contidos e procedementos traballados e reforzados durante estes días ,correspondentes ás avaliacións suspensas en cada caso, e dicir para cada alumno só das avaliacións suspensas.
- O alumnado será debidamente informado polo profesorado que lles imparte clase do contido desta addenda.
-

4. TERCEIRA AVALIACIÓN E AVALIACIÓN FINAL PMAR I

Faranse as seguintes modificacións nos procedementos de avaliación e sistemas de cualificación.

- A nota da terceira avaliación corresponderá a avaliación de contidos e procedementos traballados durante o terceiro trimestre.
- Na avaliación final a nota será a media do curso.
- Os criterios de avaliación , sistemas de cualificación e mínimos esixibles seguen sendo os indicados na programación inicial, para os contidos impartidos durante o curso. Os contidos impartidos , recollidos nas actas de Departamento, non coinciden na súa totalidade cos inicialmente previstos, para cada avaliación, porque foi necesario adaptarse as características do grupo .No que respecta á materia de matemáticas , catro destes alumnos pasaron coas matemáticas pendentes de primeiro de ESO e no curso 19/20 , no que fixeron sexto de primaria, estiveron confinados durante o terceiro trimestre polo que os contidos que se están esixindo son os correspondentes a materia de 1º de ESO naquelas unidades que coinciden os contidos con menor grao de dificultade .Aqueles contidos específicos de 2º de ESO que teñen maior grao de dificultade deixaranse para o curso seguinte ou trátanse como contidos de ampliación para aqueles alumnos que teñan menos dificultade con esa parte da materia.

Ao rematar o curso ,desde a terceira avaliación ata a final, os alumnos/as reforzaran aqueles estándares nos que non alcanzasen un grao mínimo de adquisición , se tivesen aprobada a materia reforzarán aqueles que teñan máis frouxos .

Metodoloxía , procedementos e instrumentos de avaliación:

- A profesora explicaralles de forma individual ou o grupo durante un tempo da clase un tipo de exercicios e os alumnos farán tarefas que deberán entregar consultando as dúbidas a profesora .A realización correcta e entrega dos exercicios valorarase cun 30% da nota de recuperación para os alumnos/as que teñan algunha avaliación suspensa. Aos que teñan as tres avaliacións aprobadas poderá subirlle a nota media do curso ata medio punto para obter a nota final.

- Os que non teñan a cualificación de aprobado nalgunha avaliación deberán facer tamén un exame de matemáticas e/ou outro de física e química dos estándares nos que non alcanzasen o mínimo nesa avaliación. Que se valorará cun 70% da nota.
- A nota final será a media das tres avaliacións do curso tendo en conta esta recuperación final.
- Informarase a cada alumno individualmente dos criterios de avaliación e estándares de aprendizaxe, se e necesario concretar máis, que deben preparar para a recuperación final.

5. AVALIACIÓN ALUMNADO PENDENTE NOS CURSOS DA ESO

AVALIACIÓN E CUALIFICACIÓN

Os alumnos/as coa materia pendente do curso anterior seguen o sistema de avaliación establecido na programación inicial, cunha valoración dos exercicios entregados de ata un 30% e a proba correspondente o 70%.

Facéndose dous parciais e un exame final. Tal e como estaba previsto. O resultado obtido corresponderá a nota da terceira avaliación.

Para avaliar ao alumnado de de PMAR I coas matemáticas pendentes do curso anterior, facemos na clase o boletín de problemas que se entrega aos alumnos coa materia de 1º ESO pendentes e fanse probas de poucos contidos con exercicios similares.

AVALIACIÓN FINAL.

Para a avaliación final daráselle a oportunidade de entregar aqueles boletíns que non fixeron durante o curso que se cualificarán e valorarán cun 30% da nota final e farán un exame de mínimos antes da avaliación final que constará de exercicios similares aos que están nese boletín que se valorará co 70% restante.

En PMAR para avaliar a materia de matemáticas pendente o 30% corresponde ao traballo en clase nesta materia e o 70% ao exame.

A nota da materia pendente non será inferior a desta materia no curso actual na mesma materia, e dicir na materia que teña o mesmo nome no curso actual ,en PMAR II a nota de física e química de 2º ESO coa nota de Ámbito Científico. Se fose así poríase a nota do curso actual dado que nesta materia ao longo da ESO refórzanse contidos anteriores engadindo outros novos. Este criterio tamén o aplicaremos aos alumnos de PMAR I con Matemáticas pendentes.

6. AVALIACIÓN ORDINARIA E EXTRAORDINARIA DE BACHARELATO

ORDINARIA. Mantense o indicado na programación inicial para esta avaliación.

EXTRAORDINARIA .

Corríxese na programación inicial en onde conste avaliación extraordinaria de setembro pasa a ser avaliación extraordinaria de xuño.

Nos días que transcorran desde a avaliación ordinaria ata a extraordinaria faranse exercicios de reforzo e recuperación da materia que non teñan aprobada , e dicir personalizados para cada alumno e valoraráselle na cualificación final cun 20% da nota. O 80% restante será un exame sobre os contidos mínimos.

O alumnado que teña aprobada a materia na avaliación ordinaria realizará actividades de reforzo que non serán avaliábeis.

No que respecta aos alumnado de segundo coa materia pendente de primeiro, na avaliación ordinaria ,entregaráselles un novo boletín con exercicios correspondentes ao parcial ou parciais nos que non estean aprobados ,a entrega deses exercicios feitos valorarase cun 30% da nota o 70% restante será a nota dun exame global dos contidos mínimos do curso.